

CONTROL NATURAIS- PARTE A- TEMA 6

RELACIONÁMOS E REPRODUCÍMONOS

Escribe no recadro a LETRA correcta

1. Mediante a función de relación... ☐
 - a. Adaptámonos as condicións cambiantes do medio que nos rodea e do noso propio corpo
 - b. Serve soamente para adaptarnos aos cambios de temperatura
 - c. Adaptámonos aos cambios de era
2. Os órganos efectores... ☐
 - a. Captan estímulos e os transmiten cara ao sistema nervioso
 - b. Executan a resposta elaborada polo sistema nervioso
 - c. Non forman parte da función de relación
3. O ollo está formado por...☐
 - a. Globo ocular e córnea
 - b. Globo ocular e órganos accesorios
 - c. Globo ocular e iris
4. Que é a pupila? ☐
 - a. É unha capa dura e transparente
 - b. É unha lente
 - c. É o punto polo que entra a luz
5. Os órganos accesorios son... ☐
 - a. O cristalino e a retina
 - b. A pupila e o iris
 - c. As órbitas, as glándulas lacrimais e as pálpebras e células
6. Grazas a que podemos mover os ollos correctamente? ☐
 - a. Ao pestanexo
 - b. As pupilas
 - c. Ao iris
7. Que parte do corpo analiza a información para crear unha imaxe mental? ☐
 - a. O ollo
 - b. O nervio óptico
 - c. O cerebro
8. O son que recibimos que chega ao oído é un estímulo que chega a través do... ☐
 - a. Ar
 - b. Da auga
 - c. Das vibracións terrestres

9. Por cantas partes está formado o oído? ☐
- a. 2
 - b. 3
 - c. 4
10. O oído interno está formado por... ☐
- a. Caracol e nervio auditivo
 - b. Tímpano e cadea de ósos finos
 - c. Orella e conduto auditivo externo
11. Quen conduce a información sonora ata o cerebro: ☐
- a. O nervio sensible
 - b. O nervio óptico
 - c. O nervio auditivo
12. Onde están situados os receptores dos olores? ☐
- a. Na pituitaria amarela
 - b. Na pituitaria verde
 - c. Na pituitaria vermella
13. Como se chaman as células especializadas en detectar sabores: ☐
- a. Receptores do gusto
 - b. Papilas gustativas
 - c. Papilas do sabor
14. Que afirmación non é correcta? ☐
- a. A pel é un órgano complexo
 - b. A Hipoderme é a capa máis interna
 - c. A Derme é a capa máis externa
15. Que sentido che permite manter e modificar a postura do noso corpo? ☐
- a. A propiocepción
 - b. O equilibrio
 - c. A dor
16. Grazas a que sentido sabemos se estamos deitados ou erguidos? ☐
- a. A propiocepción
 - b. O equilibrio
 - c. A dor
17. A Rinite é unha enfermidade que afecta ao sentido do.... ☐
- a. Gusto
 - b. Tacto
 - c. Olfacto

18. Quen causa a otite? ☐
- a. Un virus
 - b. Unhas bacterias
 - c. Uns fungos
19. As neuronas son: ☐
- a. O principal grupos de células que hai no noso corpo
 - b. A parte máis importante dunha célula
 - c. Unha célula sa
20. Por que dous órganos está formado o sistema nervioso? ☐
- a. Encéfalo e médula espiñal
 - b. Cerebro e Cerebelo
 - c. Troco encefálico e médula espiñal
21. O cerebelo ... ☐
- a. Coordina os movementos do noso corpo
 - b. Divídese en dous hemisferios
 - c. Regula a respiración e o ritmo cardíaco
22. Os actos reflexos son... ☐
- a. Actos voluntarios
 - b. Actos pensados
 - c. Actos involuntarios
23. Se sufro unha cefalea sufro unha enfermidade do... ☐
- a. Sistema nervioso
 - b. Sistema dixestivo
 - c. Sistema respiratorio
24. A cartilaxe... ☐
- a. Está formada por un tecido máis duro que o dos propios ósos
 - b. Protexe ao corazón para que non se saia do sitio
 - c. Está formado por un tecido máis flexible que o dos ósos
25. Os ósos son útiles por si mesmos? ☐
- a. Non precisan as articulacións
 - b. Si
 - c. Non
26. Que tipo de articulacións se atopan nesta imaxe? ☐
- a. Móviles
 - b. Fixas
 - c. Semi-móviles



27. Como se chaman as articulacións desta imaxe? ☐
- a. Articulacións Fixas
b. Articulacións móbiles
c. Articulacións semi-ríxidas
- 
28. O raquitismo prodúcese por... ☐
- a. Unha falta de Vitamina D na dieta durante o crecemento
b. Unha falta de Vitamina C na dieta durante o crecemento
c. Unha inflamación nas articulacións
29. Cando comeza o desenvolvemento dun novo ser vivo no ventre da nai? ☐
- a. Despois de que o óvulo fecunde ao espermatozoide
b. Cando nace un novo individuo
c. Despois de que o espermatozoide fecunde ao óvulo
30. O nacemento de pelo na cara e no corpo nos nenos e o pelo na pube e nas axilas durante a puberdade son... ☐
- a. Caracteres sexuais primarios
b. Caracteres sexuais secundarios
c. Caracteres sexuais terciarios
31. En que etapa acadamos a madurez física e emocional? ☐
- a. Na mocidade
b. Na adultez
c. Na madureza
32. O espermatozoide é... ☐
- a. O gameto masculino
b. O gameto feminino
c. O nome dos gametos masculinos e femininos
33. Cales son as glándulas anexas máis destacadas dos homes: ☐
- a. A uretra é o espermatozoide
b. A próstata é a vesícula seminal
c. A próstata é a uretra
34. Como se chama o proceso no que o pene se introduce dentro da vaxina? ☐
- a. Coito
b. Exaculación
c. Reprodución
35. Cada canto tempo se produce o ciclo ovárico? ☐
- a. Cada mes
b. Cada quince días
c. Cada ano

36. O útero é o encargado de.. ☐
- a. Recoller os óvulos producidos nos ovarios
 - b. Dar acubillo ao desenvolvemento do novo ser no caso de producirse a fecundación
 - c. O encargado de fecundar o óvulo
37. Que é un cigoto? ☐
- a. Un óvulo sen fecundar
 - b. Un tipo de espermatozoide
 - c. Unha nova célula resultado da unión de gametos
38. A placenta é.. ☐
- a. Un órgano que nutre ao embrión
 - b. Unha bolsa chea dun líquido que protexe ao embrión
 - c. Un líquido viscoso que se atopa no interior do embrión
39. En cantas fases se produce o proceso do parto? ☐
- a. 1
 - b. 2
 - c. 3
40. Esta imaxe corresponde a unha das fases do proceso de parto. ¿a cal? ☐
- a. Expulsión da placenta
 - b. Dilatación
 - c. Expulsión do feto
- 
- Un diagrama anatómico que mostra un feto dentro do útero, conectado á placenta e ao cordón umbilical. O feto está en posición vertical, listo para a expulsión.
41. **Escribe a palabra que corresponde a cada definición:**
- a. Conxunto de ósos formados polas vértebras, o esterno e as costelas, que se unen para dar protección aos órganos do tórax.
 - b. Estrutura ósea que vai desde a base do tronco ata a pelve recorrendo o pescozo e as costas. Está formada por varios ósos, denominados vértebras.
 - c. Sinais que recibimos do medio que nos rodea e tamén do interior do noso propio corpo, a través de órganos receptores.
 - d. Acción que se realiza despois de que o sistema nervioso analice un estímulo. Poden ser motoras, se implican movemento, ou secretoras, se se liberan substancias.

- e. Disco de vidro ou de outro material transparente limitado por superficies curvas que ten a capacidade de desviar os raios de luz.

- f. Aparición da primeira menstruación.

- g. Etapa da vida das persoas na que se ten a capacidade de producir gametos e, por tanto, de ter descendencia.